

POESÍA***Cancelas Entreabertas***

X. FRÍAS CONDE

II

Vinte-catro pétalos de rosa, aquí, aboiando, susurran. As doenzas reais e imaxinarias erguen voo, foxen do aroma que emanan vinte-catro pétalos de rosa, sen rancor, silandeiras.

Boa tarde de xuño, sen certificado de garantía. Unha brisa morna embafa as pálpebras entreabertas. Saúdo do sol teimudo que sen vontade é testemuña. Vinte-catro pétalos de rosa erguen sorrisos que enantes eran mera utopía.

A alma desfaise de roupaxes. Quen ía crer que chegaría o momento, feble no papel e húmido na voz. A mensaxe leva vinte-catro pétalos de rosa.

Un sorriso enigmático, unha luz agochada, un século de cartas...
Todo veu en vinte-catro pétalos de rosa.

* * *

Volveu chover. Coido que as persoas saíron a rúa para daren as boas-vindas á choiva. Pasa a mañá como unha metamorfose verde e doce, mais sen mar.

A area da praia estará mollada. Tamén choveu, choveu, choveu...
Bágoas de maré. Só fica imaxinar o grande beixo do horizonte, seica só percibido por un puñado de gaviotas que tentan, en van, cubrir espazos baleiros de corazón como baleas.

Saudade, como non, de algo, de alguén, de algures.